



GRUPO MUNICIPAL DE TEO

MOCIÓN SOBRE A RECUPERACIÓN MEDIOAMBIENTAL DAS ZONAS AFECTADAS POLAS OBRAS DO AVE AO SEU PASO POLO CONCELLO DE TEO

As obras que se están levando a cabo dende o ano pasado na parroquia de Calo para a construción das infraestruturas do tren de alta velocidade, están provocando como é normal unha grande cantidade de refugallos e materiais de desfeita. Tendo en conta que esta situación pode ser considerada como un mal necesario para acadar un ben superior, como é a construción dunha importante infraestrutura de comunicación, toleramos o seu almacenamento.

Nos últimos meses tivemos noticias da existencia de certos problemas na zona do Castañal, concretamente en relación a consistencia das rochas, isto fixo necesario ampliar a zona de expropiación e o derrube de unha vivenda que inicialmente non estaba contemplada. Como consecuencia disto, tamén se ampliou o terreo expropiado na zona da Charola para poder darlle cabida os refugallos de esa ampliación.

Neste momento a Veiga da Charola, de Bouza Fría e da Oliveira son de inmensos vertedoiros onde se acumulan a terra, pedras e demais produtos do desmonte. Esta zona foi unha zona de uso agrícola, incluída na concentración parcelaria do labradío de comezos dos anos setenta, e con unha importante rede hídrica de regadío, que facía que estas propiedades foran utilizadas como cortiñas. É tamén necesario indicar que a zona esta atravesada por unha canle de auga que atravesa a vía por un conducto e que se afasta da zona para desembocar no río Tinto o seu paso por Cabanas.

En consecuencia, o GRUPO MUNICIPAL DO BNG PROPÓN AO PLENO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

1. Que o concello de Teo e os responsables na materia se aseguren de que se respectan os límites de cinco metros arredor da canle do torrente, e no caso de que foran acumulados os escombros neste zona que existe o preceptivo permiso de Augas de Galicia.
2. Que neste caso se asegure que aínda existindo este permiso se vai a rexenerar a zona dos cinco metros a cada lado no momento que rematen as obras. Para isto debера manterse un control sobre a zona a medida que se cumpran os pasos da mesma.
3. Que se solicite a Declaración de Impacto Ambiental, documento obrigado neste tipo de obras, e que tivo que ter un tramite de información no que participou o propio concello. No caso de telo no seu poder ou no momento no que o teñan que sexa facilitado a tódolos grupos que compoñen o pleno deste concello.

4. Que xunto coas outras administracións implicadas no proxecto se realice un plan de rexeneración ambiental que recolla a volta a situación anterior as obras das zonas circundante á vía de alta velocidade. Non podemos permitir que a situación de degradación ambiental, visual, hídrica e ecolóxica xerada por estas obras se consolide como un elemento permanente que dificulte futuros proxectos de desenvolvemento da zona.

En Teo, a 22 de marzo de 2005

Asdo.: Ignacio Iglesias Villar
Concelleiro do Grupo municipal do BNG

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE TEO